

MARTIN EDEN



Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2018.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Irmás Cartoné, 2019

Título orixinal: *Martin Eden*

Tradución do orixinal: Celia Recarey Rendo

Ilustración de cuberta: Carlos Valdés

Deseño e maquetación: Irmás Cartoné

Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-948421-7-7

Dep. Legal: C 1972-2019



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa do autor, a tradutora e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

JACK LONDON

Martin Eden

Traducción de Celia Recarey Rendo



I

Abriu a porta coa chave e entrou, seguido por un mozo novo que sacou a gorra con pouco xeito. Vestía roupas bastas que cheiraban a mar, e era evidente que se sentía fóra de lugar no amplo vestíbulo no que se atopaba. Non sabía que facer coa gorra e estábaa metendo no peto do abrigo cando o outro lla quitou. O acto foi tranquilo e natural, e o desaxeitado mozo agradeceuno. «Enténdeme» foi o que pensou. «Ha mirar ben por min.»

Avanzou pegado aos talóns do outro cun bambeo dos ombreiros e as pernas inconscientemente abertas, como se o chan nivelado se inclinase e se afundise co ir e vir do mar. As amplas estancias parecían estreitas de máis para o seu bambeante andar, e por dentro aterrábao que os seus amplos ombreiros chocasen coas xambas das portas ou varresen os obxectos que decoraban a baixa repisa da cambota. Arredábase dun lado e doutro entre os diversos obxectos, multiplicando os riscos que en realidade só residían na súa mente. Entre un piano de cola e unha mesa de centro cunha alta morea de libros había espazo para que camiñasen media ducia de persoas ombro con ombro, pero el intentouno con inquietude. Os pesados brazos colgábanlle folgadamente aos costados. Non sabía que facer con aqueles brazos e aquelas mans, e cando, ante a súa axitada visión, un brazo parecía a piques de rozar os libros da mesa, afastouse cun bandazo, como un cabalo asustado, librando por pouco da banquetta do piano.

Observou o cómodo andar do outro diante del, e por primeira vez decatouse de que a súa maneira de andar era diferente da doutros homes. Sentiu unha momentánea aguilloada de vergoña por camiñar de xeito tan groseiro. A suor xurdiu na súa fronte en diminutas pingas, e detívose a enxugar a cara bronceada co pano da man.

—Espera, Arthur, meu —dixo, tratando de enmascarar a súa ansiedade cun ton xovial—. Todo isto ao mesmo tempo é demasiado para este teu servidor. Deixa que me mentalice. Xa sabes que non quería vir, e supoño que a túa familia tampouco che ha estar devecendo por me ver.

—Non pasa nada —foi a reconfortante resposta—. Non nos tes que ter medo. Somos xente sinxela... Vaites, hai unha carta para min.

Recuou cara á mesa, rachou o sobre e púxose a lela, dándolle unha oportunidade ao forasteiro para se recuperar. E o forasteiro entendeu e agradeceuno. Tiña o don da solidariedade, da comprensión; e baixo o seu alarmado exterior a súa solidariedade seguía a fluír. Enxugou de todo a fronte e mirou arredor de si cun xesto contido, malia que nos ollos tiña unha expresión como a que delatan os animais salvaxes cando ventan a trampa. Estaba rodeado polo descoñecido, inqueda polo que podía suceder, ignorante do que debía facer, consciente de que camiñaba e se gobernaba con pouco xeito, temeroso de que todos os seus atributos e forzas padecesen esa mesma eiva. Era extremadamente sensible, irremediabilmente inseguro e a divertida ollada que o outro lle botou ás agachadas por encima da carta proeulle coma unha facada. Viu a ollada, pero non deu sinal, pois entre as cousas que aprendera estaba a disciplina. Ademais, a facada déralle no orgullo. Maldíxose por vir, e ao mesmo tempo decidiu que, acontecese o que acontecese, xa que viñera, chegaría até o final. As enrugadas do seu rostro endurecéronse, e nos seus ollos aflorou

unha luz pugnaz. Botou unha ollada máis despreocupada, observando con perspicacia, rexistrando cada detalle daquel bonito interior no seu cerebro. Tiña os ollos ben abertos, nada escapaba no seu campo de visión, e mentres se enchoupaban na beleza que tiñan diante, a luz pugnaz esmoreceu e un cálido brillo tomou o seu lugar. Reaccionaba á beleza, e había aquí a que reaccionar.

Un cadro ao óleo atrapouno e cativouno. Unha grande onda bruaba e rompía sobre unha protuberante rocha; ameazantes nubes de tormenta cubrían o ceo, e, alén da liña da rompente, unha goleta, navegando de bolina, tan escorada que eran visibles todos os detalles da cuberta, erguíase contra un tempestuoso ceo de solpor. Había beleza nel, e atraíao irresistiblemente. Esqueceu o seu andar zoupón e achegouse ao cadro, moito. A beleza esvaeceuse do lenzo. O seu rostro expresou o seu desconcerto. Contemplou o que parecía un emplaste de pintura, despois arredouse. De inmediato toda a beleza volveu relucir no lenzo. «Unha pintura enganosa» foi o seu pensamento, despachándoa, porén, no medio da multitude de impresións que estaba a recibir, atopou tempo para sentir unha aguillada de indignación por que se tivese que sacrificar tanta beleza para facer un engano. Non sabía de pintura. Educárano con cromos e litografías, que sempre eran definidos e nítidos, de preto ou de lonxe. O certo era que vira pinturas ao óleo nos escaparates das tendas, pero o vidro impedía que os seus entusiasmados ollos se achegasen demasiado.

Observou o seu amigo lendo a carta e viu os libros que había enriba da mesa. Aos seus ollos acudiron unha melancolía e unha ansia tan velozmente como acode o degoxo aos ollos dun home esfameado ao ver comida. Unha zancada impulsiva, cunha sacudida dos ombros á dereita e á esquerda, levouno até a mesa, onde se puxo a tocar os libros con afecto. Mirou os títulos e os nomes dos autores, leu fragmentos de texto, alumiñando os volumes con ollos e mans, e unha vez recoñeceu un libro que lera. Canto

ao resto, éranlle libros e autores descoñecidos. Bateu cun volume de Swinburne e púxose a ler sen parar, esquecendo onde estaba, co rostro iluminado. Dúas veces cerrou o libro co dedo índice dentro para mirar o nome do autor. Swinburne!, lembraría aquel nome. Aquel home tiña ollos, e sen dúbida vira cor e luz resplandecente. Pero quen era Swinburne? Levaba cen anos ou así morto, como a maioría dos poetas? Ou aínda estaba vivo, e escribindo? Regresou á portada... Si, escribira outros libros; pois ben, o primeiro que faría á mañá seguinte sería ir á biblioteca pública e intentar facerse con algunha cousa de Swinburne. Regresou ao texto e perdeuse nel. Non se decatou de que entrara unha moza na habitación. Non o soubo até que oíu a voz de Arthur dicindo:

—Ruth, este é o señor Eden.

O libro cerrouse sobre o seu índice, e antes de volverse estaba emocionado pola primeira nova impresión, que non era a da moza, senón a das palabras do seu irmán. Dentro daquel musculado corpo seu, era unha masa de trémulas sensibilidades. Co máis leve impacto do mundo exterior sobre a súa conciencia, os seus pensamentos, as súas afinidades e emocións brincaban e actuaban coma tremelucante lapa. Era extraordinariamente receptivo e atento, mentres que a súa imaxinación, moi aguda, sempre andaba ocupada en establecer relacións de semellanza e diferenza. Foi o «señor Eden» o que o emocionara. El, a quen toda a vida o chamaran «Eden», «Martin Eden» ou simplemente «Martin». E «señor»! Desde logo que era moito dicir, pensou para si. A súa mente pareceu converterse, ao instante, nunha vasta cámara escura, e viu en formación arredor da súa conciencia infinitas imaxes da súa vida, bocas de fogóns e castelos de proa, campamentos e praias, cárceres e baiucas, hospitais para as febres e rúas de arrabaldes, e o fío que as vinculaba era a maneira en que se dirixiran a el naquelas diversas situacións.

E entón deu media volta e viu a moza. A fantasmagoría do seu cerebro disipouse ao vela. Era unha criatura pálida, etérea, cuns grandes ollos azuis e unha abondosa cabeleira dourada. Non sabía como ía vestida, agás que o vestido era tan marabilloso coma ela. Parecíasele a unha pálida flor de ouro sobre un talo esvelto. Non, era un espírito, unha divindade, unha deusa... unha beleza tan sublime non era da terra. Ou quizais os libros estaban no certo e había moitas coma ela nas posicións sociais máis altas. A ela ben podía cantala aquel tipo, o Swinburne. Quizais tivese alguén coma ela na mente ao retratar aquela rapaza, Iseult, no libro que estaba enriba da mesa. Toda aquela plétora de visión, de sentimento e de pensamento ocorreu nun instante. Non había pausa nas realidades nas que se movía. Viu a man dela tenderse cara á súa, e mirouno directamente aos ollos mentres lle estreitaba a man con franqueza, como un home. As mulleres que coñecera non daban a man daquel xeito. De feito, a maioría delas non daba a man en absoluto. Unha corrente de asociacións, visións das diversas maneiras nas que se relacionara con mulleres, irrompeu na súa mente e ameazou con asolagala. Pero quitounas de enriba e mirouna. Nunca vira unha muller así. Coa de mulleres que coñecera! De inmediato, a carón dela, a ambos lados, aliñou as mulleres que coñecera. Durante un segundo eterno estivo no medio dunha galería de retratos, onde ela ocupaba o lugar central, mentres arredor dela se bosquexaban moitas mulleres, todas para ser pesadas e medidas dunha efémera ollada, con ela como unidade de peso e medida. Viu as caras fráxiles e enfermizas das rapazas das fábricas, e as mozas sarcásticas e algareiras do sur de Market Street. Estaban as mulleres dos campamentos de gando, e as morenas mulleres fumadoras de cigarros do vello México. Estas, pola súa vez, foron desprazadas polas mulleres xaponesas, que parecían bonecas camiñando melindrosas cos seus tamancos de madeira; polas eurasiáticas, de faccións delicadas, marcadas pola dexeneración; polas rexas mulleres das illas dos mares

do Sur, coroadas con flores e de pel morena. Todas elas foron borradas por unha grotesca e terrible caste: as criaturas desleixadas e túzaras das rúas de Whitechapel, candongas dos lupanares inchadas pola xenebra, e toda a inmensa cohorte infernal de harpías, malfaladas e noxentas, que baixo a guisa de mulleres monstruosas rapinan os mariñeiros, refugallo dos portos, cotra e lixo do abismo humano.

—Non quere sentar, señor Eden? —estáballe a dicir a moza—. Estaba desexando coñecelo desde que Arthur nolo contou. Foi moi valente pola súa parte...

El fixo un xesto de desprezo coa man e borboriñou que non era nada en absoluto o que fixera, e que calquera o faría no seu lugar. Ela advertiu que a man que movía esta cuberta de esfoladuras frescas, en proceso de curación, e unha ollada á outra man, que penduraba relaxada, amosou que estaba na mesma condición. Ademais, cun ollo rápido e crítico, advertiu unha cicatriz na súa fazula, outra que lle asomaba por debaixo do cabelo da fronte e unha terceira que baixaba e desaparecía baixo o colo amidonado. Contivo un sorriso ao ver a liña vermella que marcaba a rozadura do colo contra o bronceado pescozo. Era evidente que non estaba habituado aos colos ríxidos. Así mesmo, o seu ollo feminino reparou nas roupas que vestía: a feitura barata e antiestética, o xeito en que o gabán se lle enrugaba nos ombros, e a serie de enrugos nas mangas que delataban uns avultados bíceps.

Mentres facía o xesto coa man e borboriñaba que non fixera nada en absoluto, estaba obedecendo á petición dela tratando de sentar nunha cadeira. Deulle tempo a admirar a habelencia coa que ela sentou, despois cambaleou cara a unha cadeira que había en fronte dela, superado pola conciencia do torpe aspecto que ofrecía. Toda a súa vida, até aquel momento, ignorara se era grácil ou zoupón. Tales pensamentos sobre si mesmo nunca entraran na súa mente. Sentou con cautela na beira do asento,

moi preocupado polas súas mans. Estorbábanlle puxéaseas onde as puxese. Arthur estaba saíndo da habitación, e Martin Eden seguiu a súa marcha con ollos ansiosos. Sentíase perdido, só naquela habitación con aquel pálido espírito de muller. Non había alí cantineiro ao que pedirlle de beber, nin rapaz ningún ao que enviar á volta da esquina por unha xerra de cervexa e, mediante aquel fluído social, dar comezo ao fluír dos deleites da amizade.

—Ten vostede unha boa cicatriz no pescozo, señor Eden — estaba dicindo a moza—. Como a fixo? Estou segura de que debeu de ser toda unha aventura.

—Foi un mexicano cunha faca, señorita —contestou el, humedecendo os labios resecos e aclarando a gorxa—. Só foi unha pelexa. Despois lle de sacar o coitelo, tratou de me arrincar os nefres dun bocado.

E aínda que o relatara con sinxeleza, nos seus ollos había unha rica visión daquela noite quente e estrelada en Salina Cruz, a branca faixa da praia, as luces dos vapores azucreiroiros na abra, as voces dos mariñeiros bébedos na distancia, os atropelados estibadores, a paixón acendida no rostro do mexicano, o escintilar daqueles ollos bestiais á luz das estrelas, a aguillada do aceiro no pescozo e o correr do sangue, a multitude e os berros, os dous corpos, o do mexicano e o seu, trabados, dando rolos pola area, e desde algures, ao lonxe, o melodioso tinguilear dunha guitarra. Tal fora a escena, e el estremeceuse ao recordala, preguntándose se podería pintala o home que pintara a goleta da parede. A praia branca, as estrelas e as luces dos vapores azucreiroiros quedarían ben, pensou, e a medio camiño, na area, o grupo escuro de figuras que rodeaba aos loitadores. O coitelo ocupaba un lugar na escena, decidiu, e veríase ben, cunha especie de fulgor, á luz das estrelas. Pero de todo isto non deixou ver nada no seu discurso.

—Intentou arrincarme os nefres dun bocado —concluíu.

—Oh —dixo a moza, cunha voz leve e distante, e el reparou na expresión de abraio do seu delicado rostro.

El tamén sentiu abraio, e un rubor de vergoña acendeu levemente as súas meixelas torradas polo sol, aínda que para el ardían tanto como cando estiveran expostas á boca aberta do fogón da sala de caldeiras. Era evidente que cousas tan sórdidas como liortas con facadas non eran asuntos apropiados para unha conversa cunha señorita. A xente dos libros, a xente da clase dela, non falaba desas cousas, quizais non soubesen delas tampouco.

Houbo unha breve pausa na conversa que estaban tratando de iniciar. Entón ela preguntoulle, indecisa, pola cicatriz da meixela. Mesmo mentres lle preguntaba, el decatouse de que estaba facendo un esforzo por falar nos termos del, e resolveu afastarse diso e falar nos dela.

—Isto foi accidente —dixo, levando a man á meixela—. Unha noite de calma, cunha forte roleira, o estai da retranca principal desmandouse, e despois o aparello. O estai era de arame e remexíase como unha becha. A garda toda intentaba cachalo, e eu bulín a meterme no medio e levei unha zorregada.

—Oh —dixo ela, desta volta cun ton de comprensión, se ben en segredo o seu discurso lle soara a chinés, e se preguntaba que sería un estai e que significaba zorregada.

—O Swineburne ese —comezou el, tentando executar o seu plan e pronunciando o i longo.

—Quen?

—Swineburne —repetiu el, coa mesma pronuncia incorrecta—. O poeta.

—Swinburne —corrixiu ela.

—Si, o fulano ese —tatejou el, coas meixelas a arderlle outra vez—. Canto hai que morreu?

—Vaia, non oín que estivese morto. —Ela mirouno con curiosidade—. Onde o coñeceu vostede?

—Non o vin diante na vida —foi a resposta—. Pero lin algo da súa poesía nese libro de aí da mesa xusto antes de entrar vostede. Gústalle a súa poesía?

E deseguido ela comezou a falar á présa e con naturalidade sobre o tema que el suxerira. Sentiuse mellor, e retirouse levemente da beira do asento, agarrando con firmeza as braceiras coas mans, como se a cadeira puidese escapar del e guindalo ao chan. Conseguiu que ela falara das súas cousas, e mentres ela parolaba, el esforzábase por seguila, marabillándose por todo o coñecemento agochado naquela preciosa cabeza súa, e deixándose embriagar pola pálida beleza do seu rostro. Seguir seguía, aínda que o amolaban as palabras descoñecidas que caían sen pensar dos seus labios e as frases críticas e os procesos mentais que lle resultaban estraños á súa mente, mais que a estimulaban e a facían formigar. Velaquí a vida intelectual, pensou, e velaquí a beleza, cálida e admirable como nunca soñara que podía ser. Esqueceuse de si mesmo e contemplouna con ollos fementos. Velaquí algo polo que vivir, polo que vencer, polo que loitar... Ai, e polo que morrer. Os libros dicían a verdade. Existían mulleres así no mundo. Ela era unha delas. Ela dáballe ás á súa imaxinación, e ante el despregáronse lenzos grandes e luminosos nos que emerxían figuras imprecisas e xigantescas de amor e namoramento, e de fazañas heroicas en nome dunha muller, unha muller pálida, unha flor de ouro. E a través da bambeante e latexante visión, como a través dunha miraxe de conto, contemplaba a muller real, alí sentada, a falar de literatura e de arte. Tamén escoitaba, pero contemplábaa sen conciencia da fixeza do seu ollar nin do feito de que todo o que no seu ser había de masculino brilla-

ba nos seus ollos. Mais ela, que, sendo muller, pouco sabía do mundo dos homes, era moi consciente do lume que había nos seus ollos. Os homes nunca a miraran daquela maneira, e aquilo incomodábaa. Titubeou e fixo unha pausa no seu discurso. Perdeu o fío da súa argumentación. El asustábaa, e ao mesmo tempo resultaba estrañamente agradable ser observada así. A súa educación advertíaa do perigo e das atraccións, sutís, misteriosas, inapropiadas; mentres que os seus instintos resoaban con voces de clarín por todo o seu ser, impeléndoa a saltar por riba de caste, posición e riqueza fronte a aquel viaxeiro doutro mundo, aquel mozo rudo de mans magoadas, con aquela rozadura encarnada provocada polo desacostumado liño que lle apertaba a gorxa, aquel mozo tan evidentemente manchado por unha existencia groseira. Ela era limpa, e a súa limpeza rebelábase; pero era muller, e comezaba a aprender o paradoxo de ser muller.

—Como lle dicía... Que estaba dicindo? —Interrompeuse abruptamente e riu ledamente pola súa dificultade.

—Estaba vostede a dicir que o tal Swinburne non conseguiu ser un gran poeta porque... E até aí chegou, señorita —apuntou el, mentres sentía unha súbita fame, e uns deliciosos e leves arrepiós lle subían e lle baixaban polo aranguelo ao oír a súa risa. É como prata, pensou para si, como campás de prata repenicando; e nese intre, e por un intre, foi transportado a unha terra remota, onde, baixo as flores rosadas das cerdeiras, fumaba un cigarro e escoitaba as campás do afiado pagode que chamaban á oración aos fieis calzados con sandalias de palla.

—Si, grazas —dixo ela—. Swinburne non o consegue, na fin de contas, porque é, digamos, indelicado. Moitos dos seus poemas nunca deberían ser lidos. Cada verso dos poetas verdadeiramente bos está repleto de verdade e beleza, e apela a todo o que é elevado e nobre no ser humano. Non se pode prescindir dun

só verso dos grandes poetas sen que o mundo se empobreza nesa mesma medida.

—A min pareceume xenial —dixo el, dubitativo—, o pouco que lin. Non tiña idea de que era tan... ruín. Supoño que iso sae nos seus outros libros.

—Hai moitos versos prescindibles no libro que estaba lendo vostede —dixo ela, cunha voz delicadamente firme e dogmática.

—Pois non debín pillar eses —declarou el—. Os que lin eu éranlle ben bos. Eran todos claros e brillantes e metéronseme dentro e ilumináronme, coma o sol ou un foco. Así me entrou a min, pero supoño que non lle son moi entendido en poesía, señorita.

Calou sen convicción. Estaba confuso, era dolorosamente consciente da súa dificultade para expresarse. Sentira a grandeza e o esplendor da vida no que lera, pero a súa maneira de falar era inadecuada. Non daba expresado o que sentía, e comparouse para si cun mariñeiro, nun barco estraño, unha noite escura, apalmando a descoñecida cordame. Ben, decidiu, del dependía familiarizarse con este novo mundo. Nunca vira cousa ningunha á que non lle dera collido o xeito cando quería e ía sendo tempo de querer aprender a falar das cousas que levaba dentro de xeito que ela puidese entendelas. Ela ocupaba un lugar importante no seu horizonte.

—Agora ben, Longfellow... —estaba dicindo ela.

—Si, ese lino —interrompeu el impulsivamente, animado a exhibir e sacar o maior proveito das súas pequenas reservas de coñecementos literarios, desexoso de demostrarlle que non era un pailán completo—. *O salmo da vida, Excelsior* e... iso é todo, creo.

Ela asentiu e sorriu, e el sentiu que, en certo modo, o seu sorriso era tolerante, lamentablemente tolerante. Era un parvo por semellante pretensión. O tal Longfellow moi probablemente escribira infinidade de libros de poesía.

—Desculpe, señorita, por turrar desa maneira. Supoño que a verdade é que non lle sei moito desas cousas. Non son o meu. Pero vou facer que o sexan.

Soou como unha ameaza. O seu ton era de decisión, o seus ollos coruscaban, as súas faccións endurecéranse. E a ela pareulle que o ángulo da súa mandíbula se transformara, volvéndose desagradablemente agresivo. Ao mesmo tempo, unha vaga de intensa virilidade parecía emanar del e invadila.

—Creo que podería facer que fose o seu —rematou ela cunha risada—. É vostede moi forte.

A súa mirada pousouse por un instante no musculoso pescozo, de nervios fortes, case como o dun touro, bronceado polo sol, a rebotar de forza e de saúde. E aínda que estaba alí sentado, ruborizado e humilde, sentiuse novamente atraída por el. Sorprendeuna un absurdo pensamento que lle veu á mente: parecíalle que, se puidese colocar as dúas mans sobre aquel pescozo, toda a súa forza e o seu vigor a inundarían. Ese pensamento desconcertouna. Parecía revelarlle unha depravación inimaxinable na súa natureza. Ademais, para ela a forza era cousa groseira e brutal. O seu ideal de beleza masculina sempre fora unha elegancia lanzal. Así e todo, o pensamento persistía. Desconcertábaa aquel desexo de pousar as mans naquel pescozo queimado polo sol. En verdade, ela estaba lonxe de ser rexa, e o que o seu corpo e a súa mente precisaban era forza. Pero ela non o sabía. Só sabía que ningún home a impresionara tanto coma este, que a cada paso a escandalizaba coa súa pésima gramática.

—Si, eivado non son —dixo el—. Cando se trata da papatoria, son capaz de dixerir ferralla. Pero xusto agora teño dispepsia. A maioría do que está a dicir non o dou dixerido. Nunca me preparei dese xeito, mire *vosté*. Gústanme os libros e a poesía, e tempo que tiña, tempo que dediquei a deles, pero nunca pensei neles como pensou vostede. Por iso non podo falar deles. Son coma un navegante á deriva nun mar descoñecido sen carta nin compás. Agora quero orientarme. Igual pode *vosté* indicarme. Como aprendeu todo isto que estivo falando?

—Indo á escola, figúrome, e estudando —contestou ela.

—Eu á escola funlle de cativo —comezou obxectar el.

—Si, pero refírome ao bacharelato, e a conferencias, e á universidade.

—Foi á universidade? —preguntou el con sincero abraio. Sentiu que iso a afastaba del un millón de millas polo menos.

—Estou indo agora. Estou facendo uns cursos especiais de lingua.

El no sabía que quería dicir con «lingua», pero tomou nota mental dese punto de ignorancia e continuou.

—Canto tería que estudar eu para poder ir á universidade? —preguntou.


Ela ofreceulle un espléndido sorriso de alento e dixo:

—Iso depende dos estudos que teña feitos. Nunca asistiu á escola secundaria? Non, claro. Pero rematou a primaria?

—Quedábanme dous anos por facer cando a deixei —contestou el—. Pero sempre pasei os curso con boas notas.

Ao momento, anoxado consigo por se gabar diso, agarrou as braceiras da cadeira tan salvaxemente que lle proían todas a pun-

tas dos dedos. Ao mesmo tempo, decatouse de que entraba unha muller na habitación. Viu que a moza se erguía do seu asento e avanzaba rapidamente cara á persoa que acababa de chegar. Bicáronse e, cos brazos arredor das cinturas, avanzaron cara a el. Debía de ser a súa nai, pensou. Era unha muller alta, loura, esvelta, de porte señorial, e fermosa. O seu vestido era o que podía un esperar nunha casa coma aquela. Os seus ollos deleitáronse no elegante corte. Ela e mais o seu vestido recordáronlle as mulleres do teatro. Entón lembrou ver damas e vestidos así de distinguidos entrando nos teatros de Londres mentres el se detiña a miralas e os policías o sacaban a empurróns da marquesiña para devolve-lo á chuisca. Despois a súa mente saltou ao Grand Hotel de Yokohama, onde tamén vira, desde a beira da rúa, damas elegantes. Logo a cidade e o porto de Yokohama, nun milleiro de imaxes, comezaron a pasar ante os seus ollos. Pero el rexeitou deseguida o calidoscopio da memoria, oprimido pola necesidade imperiosa do presente. Sabía que tiña que erguerse para ser presentado, e esforzouse penosamente por poñerse en pe, onde se mantivo cos pantalóns todos abolsados nos xeonllos, os brazos colgantes e ridículos, o rostro adusto fronte ao inminente suplicio.



ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO
O 21 DE OUTUBRO DE 2019

